

RESOLUCIÓN do 15 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Merendón, localizado nos concellos de Oia e O Rosal (expediente IN661A 2011/19-4). DOG Núm. 245, de 23 de decembro de 2021. Fin prazo para alegacións: 14 de xaneiro 2022.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211223/AnuncioG0596-171221-0001_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/documentos-sometidos-a-informacion-publica>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Merendón	Tiraventos, S.L.	Oia e O Rosal (Pontevedra)	<ul style="list-style-type: none"> – Cinco (5) aerogeradores modelo Vestas V136 de 4.200 kW de potencia nominal unitaria, de 112 m de altura de buxa e 136 m de diámetro de rotor. – Cinco (5) centros de transformación de potencia aparente 4.700 kVA e tensión 0,72/30 kV, localizados no interior dos aerogeradores. – Rede de media tensión de 30 kV soterrada, formada por dous (2) circuitos con cables RHZ1 H-16 18/30kV 2×Al de 95 mm² e 400 mm² segundo o tramo, de interconexión entre os centros de transformación dos aerogeradores e a subestación de manobra. – Subestación de manobra e centro de mando e control do parque. A subestación estará composta das seguintes posicións: unha (1) posición de liña para o circuito 1 do parque eólico. Unha (1) posición de liña para o circuito 2 do parque eólico. Unha (1) posición de interruptor automático. Unha (1) posición de transformador de servizos auxiliares. Unha (1) posición de medida de facturación e proteccións. Unha (1) posición de liña para a saída a liña de evacuación. Un (1) transformador de servizos auxiliares 30/0,4 kV de 50 kVA. Así mesmo, para realizar as funcións de control, mando e protección da instalación montaranse os seguintes cadros: servizos auxiliares, baterías de corrente continua de 125 Vcc, proteccións eléctricas e sistema de control e SCADA. – Rede de media tensión de 30 kV soterrada, con cables RHZ1 H-16 18/30kV 1×Al de 400 mm², de interconexión entre a subestación de manobra e a subestación de transformación 30/132 kV. – Subestación de transformación 30/132 kV que contará coas seguintes instalacións: unha (1) posición de transformador de 132 kV cos equipamentos necesarios de protección e medida. Un (1) transformador de 25 MVA, de tensións nominais 30/132 kV. Unha (1) posición de liña de 30 kV para a liña procedente do parque cos equipamentos necesarios de protección e medida. Unha (1) posición de 30 kV para o transformador de potencia cos equipamentos necesarios de protección e medida. Unha (1) posición para transformador de servizos auxiliares. Un (1) transformador de servizos auxiliares 30/0,4 kV de 40 kVA. Un (1) grupo electrógeno de 40 kVA, 400/230 V, 50 Hz. Así mesmo, para realizar as funcións de control, mando e protección da instalación montaranse os seguintes cadros: servizos auxiliares, baterías de corrente continua 48 Vcc, proteccións eléctricas e sistema de control e SCADA. En 132 kV o transformador está directamente conectado á posición de 132 kV da subestación O Rosal mediante barras.